

El Progreso

Galiciae

Os escritores galegos agasallarán a Xabier P. DoCampo

Etiquetas: premios y distinción, Xabier P. DoCampo, Rábade, homenaje, literatura, escritores

El Progreso (Lugo). O autor natural de Rábade Xabier P. DoCampo será distinguido este ano co premio O Escritor na súa Terra que concede a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), segundo acordaron este sábado os seus integrantes durante a asemblea xeral.

O presidente da AELG, Cesáreo Sánchez, desvelou que DoCampo recibirá unha homenaxe en Castro de Ribeiras de Lea, o berce da súa familia e onde foi criado desde que tiña sete meses. Será o vindeiro día 14 de xuño e Agustín Fernández Paz, tamén chairego, mestre e compañeiro de xeración do galardoador, será o encargado de ler a laudatio de DoCampo.

Os integrantes da AELG acordaron tamén recoñecer o labor de dúas institucións luguesas que traballan no eido da escena. Por unha banda, foi recoñecido o cuarto de século de traxectoria da compañía Achádego na categoría de teatro amador e, por outra, a iniciativa Buxiganga da área de cultura da Vicepresidencia da Deputación de Lugo polo que supón de pulo á dramaturxia afeccionada en distintos municipios da provincia.

08/02/2014